

CANTIGAS GALEGO-POTUGUESAS

MEDIEVAIS



Clasificamos as cantigas en:

- **PROFANAS**
 1. Xéneros maiores
 - 1.1 Cantigas de amigo
 - 1.2 Cantigas de amor
 - 1.3 Cantigas de escarnio e maldizer
 2. Xéneros menores (**pastorela**, o **pranto**, a **tenzón**, o **lai**, o **descordo** e o **sirventés moral**)
- **RELIXIOSAS**

O *corpus* coñecido da lírica profana medieval galego-portuguesa está formado por un total de 1679 cantigas, pertencentes na súa inmensa maioría aos tres xéneros que chamamos **maiores**:

cantigas de amigo: pertencen a este xénero unhas 475 cantigas

cantigas de amor: son arredor de 725 textos.

cantigas de burlas ou **de escarnho e maldizer**: agrupa 430 textos.

CANTIGA DE AMIGO

Características temáticas

A cantiga de amigo é un xénero poético de orixe autóctona, é a única cantiga propia e exclusiva da área galego-portuguesa..Responde ao modelo da **canción de amor feminina** e na Península Ibérica, a cantiga de amigo emparenta directamente coas **kharjas** mozárabes.

O trazo xenérico que caracteriza as cantigas de amigo é a **voz poética**: a pesar de estaren escritas por homes, nelas adoita falar unha muller nova (**amiga**), que se dirixe ao seu **amigo** (namorado), lamenta a súa ausencia ou refire as alegrías e tormentos que lle produce o amor. A palabra *amigo* adoita aparecer nos primeiros versos da composición.

Ademais disto, destacamos outra serie de características:

- A **ambientación en paraxes naturais**, que son descritos de forma estilizada.
- O emprego dun **léxico popular** e de **arcaísmos**
- A utilización de **símbolos da natureza** para elaborar a linguaxe amorosa (*cervo, augua, cabelos, vento* etc.).
- O uso de **recursos de repetición** co obxectivo de incidir no sentimento amoroso e memorizar mellor a cantiga. (paralelismo, leixaprén e refrán).

A concorrencia destes elementos permítenos clasificar unha cantiga entre as de amigo, aínda cando a voz poética non sexa a namorada (pode ser a nai, unha confidente etc.) ou a palabra clave estea ausente da composición.

A cantiga de amigo xira constantemente arredor dun motivo temático básico: a ausencia do namorado e os efectos que esta ausencia produce na amiga. A partir de aquí, os distintos poemas exploran con maior ou menor sutileza e orixinalidade esa situación amorosa (a amiga loa a súa propia fermosura, laméntase pola ausencia do amigo, tenta remover os obstáculos e prohibicións que lle impiden encontrarse co namorado.fai propósito de reunirse co namorado e imaxina a felicidade que o encontro deparará para os dous,canta as alegrías do amor, unha vez que puido estar co amigo etc.

En canto aos personaxes das cantigas de amigo estaría:

- A **amiga**
- O **amigo**
- As **irmanas** e **amigas** actúan a miúdo como confidentes

- A **nai** é unha figura clave nun gran número de cantigas. Significativamente, os personaxes masculinos quedan fóra da cantiga de amigo. A figura paterna está totalmente ausente.

Nas cantigas de amigo a natureza desempeña un papel importante. Non encontramos descrições extensas, mais si leves referencias que nos serven para situar a cantiga nun espazo concreto, resaltando aqueles elementos ambientais que contribúen ao significado da composición. A natureza convértese tamén en **personaxe**, a quen a amiga dirixe as súas queixas e preguntas, ás que, en ocasións, incluso responde; así ocorre coas flores, os piñeiros ou as abeleiras. Outras veces adquire un maior protagonismo, como acontece cos cervos ou as aves.

Pode adquirir tamén unha **función simbólica**. A **auga** é un símbolo antiquísimo asociado á fertilidade e á relación erótica. As cantigas de fonte son unha mostra disto. Entre elas destacan as cantigas de Pero Meogo, onde o cervo simboliza a sexualidade masculina e a fonte o encontro amoroso. A natureza representa en ocasións os estados emocionais da amiga. O **mar** pode desempeñar distintas funcións: xeralmente é o elemento de separación entre os namorados e, polo tanto, motivo das coitas da amiga, pero tamén pode converterse no confidente a quen esta canta as súas tristeszas, ou simbolizar a paixón amorosa da muller.

Precisamente este aproveitamento simbólico da natureza para articular a linguaxe amorosa é un dos trazos máis singulares da cantiga de amigo. Multitude de referentes concretos remiten para un significado oculto, dotando a cantiga de dous niveis de significación: o literal, e o simbólico, cargado de matices emotivos ou eróticos.

Resulta moi difícil realizar unha clasificación temática que abranga a totalidade do *corpus* das cantigas de amigo. Algúns estudiosos, atendendo a uns trazos específicos comúns moi marcados falan destes **subxéneros**:

Mariñas ou **barcarolas**: Denominamos así as composicións de ambientación mariña, que introducen referencias ao mar e por extensión ao río.

Cantigas de romaría: Esta variedade caracterízase pola referencia a algún santuario ou ermida con advocación a un santo tamén nomeado. A ermida é o punto de encontro entre os namorados ou o lugar a onde a moza vai pedir ao santo que remate coa ausencia do amigo. A miúdo, o ambiente da festa popular adquire tanta importancia como o propio santuario, posto que na romaría as amigas poderán expresar libremente as ansias de diversión e as pulsións amorosas.

Bailadas: Asociado a miúdo á romaría está o baile. Todas elas presentan unha acusada musicalidade e un ritmo rápido, o que nos inclina a pensar que foron compostas para acompañar a danza.

Albas: A alba é un tipo de composición de orixe provenzal. O seu motivo argumental era a despedida dos namorados ao romper o día, despois de pasaren a noite xuntos. Na poesía galego-portuguesa non temos ningunha cantiga que siga exactamente ese modelo. A máis aproximada é “Levad”, amigo, que dormides as manhanas frías”, de Nuno Fernández Torneol.

Características formais das cantigas de amigo

Atendendo ao modo poético, clasificamos as cantigas de amigo en tres tipos:

-**Cantigas narrativas:** Son aquelas en que a voz poética canta as súas coitas de amor sen dirixirse a ningún destinatario explícito.

-**Cantigas monologadas:** Chamamos así ás cantigas en que está explícita unha segunda persoa como destinataria, pero sen que esta interveña na cantiga.

-**Cantigas dialogadas:** Son aquelas en que interveñen dúas ou máis voces, dando lugar a unha forma dialogada parateatral.

Con respecto aos recursos predominantes temos que destacar:

O **refrán:** Denomínanse así os versos que se repiten literalmente despois de cada estrofa dunha composición. Adoita ser un número de versos inferior ao da estrofa (maiormente entre un e tres). Cando unha composición carece de refrán, dicimos que é unha **cantiga de meestría** e segue as modas poéticas provenzais, se o ten, dicimos que é **cantiga de refrán**.

O **paralelismo:** É unha fórmula compositiva propia da poesía popular baseada na repetición. Dependendo dos elementos lingüísticos que se repitan podemos distinguir:

-**Paralelismo literal:** repetición de palabras.

-**Paralelismo estrutural:** repetición de estruturas sintácticas ou rítmicas.

-**Paralelismo semántico:** repetición de significados.

O **leixaprén:** Está asociado ao paralelismo perfecto e prodúcese unicamente en cantigas con estrofas ~~que~~ están formadas por dous versos (**dísticos**). O leixaprén, repite pares de estrofas alternas: o segundo verso da primeira estrofa, repítese literalmente como primeiro da terceira; o segundo verso da segunda, como primeiro da cuarta, e así sucesivamente. Isto dota a cantiga dunha sensación de vaivén, ‘deixa- colle’